



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 26 DE XULLO DE 2024

EXPEDIENTE: 2024/G010/000006

Considerando o establecido no artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no artigo 210 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia e no acordo plenario, adoptado na sesión extraordinaria celebrada o 13 de xullo de 2023, no que se di: ".../ **Primeiro:** Establecer que o Pleno celebre sesión ordinaria, con carácter bimestral, o último xoves de cada mes impar do ano, ás vinte horas (20:00 horas), no "Salón de sesións" da Casa do Concello.

A celebración do mesmo poderá adiantarse ou atrasarse ao primeiro día hábil laborable anterior ou posterior no caso de que o último xoves do mes coincida cun día inhábil ou non laborable, manténdose a hora da celebración nas vinte horas (20:00 horas)".

Á vista do exposto, dado que o día 25 de xullo de 2024, último xoves do mes de xullo (mes impar) é festivo e en consecuencia día inhábil, é polo que en uso das facultades que me atribúen o artigo 21.1 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia e de conformidade co establecido no referido acordo plenario,

RESOLVO:

Primeiro. Convocar sesión ordinaria do Pleno, que terá lugar no "Salón de plenos" da Casa do Concello, **o vindeiro día 26 de xullo de 2024 (venres) ás 20:00 horas**, coa seguinte orde do día:

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

- 1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o día 30 de maio de 2024.
- 2º.- Aprobación inicial do orzamento xeral do concello para o exercicio 2024.
- 3º.- Mocións de urxencia.

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

- 4º.- Dación de conta das Resolucións da Alcaldía.
- 5º.- Dación de conta do período medio de pagamento do segundo trimestre do exercicio 2024, calculado consonte ao establecido no RD 635/2014, do 25 de xullo, enviado ao Ministerio de Hacienda en data 15/07/2024 (expte. 2024/X998/000015).
- 6º.- Dación de conta da información sobre a morosidade correspondente ao segundo trimestre do exercicio 2024, en aplicación do artigo cuarto da Lei 15/2010, do 5 de xullo, enviada ao Ministerio de Hacienda en data 15/07/2024 (expte. 2024/X999/000186).
- 7º.- Dación de conta do informe anual de morosidade e período medio de pagamento, exercicio 2023 (expte 2024/X999/000161).
- 8º.- Dación de conta do informe anual de verificación da existencia de obrigacións derivadas de gastos realizados ou bens e servizos recibidos sen imputación orzamentaria (conta 413), exercicio 2023 (expte 2024/X999/000183).

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



C O N C E L L O
D E
M A L P I C A D E B E R G A N T I Ñ O S
(A C O R U Ñ A)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

9º.- Dación de conta do informe anual de auditoría do rexistro contable de facturas, exercicio 2023 (expte 2024/X999/000182).

10º.- Rogos e preguntas.

Segundo.- Notificar a presente resolución, con indicación dos recursos que proceda, aos/ás Sres./Sras. Concelleiros/as, dar traslado á intervención e proceder a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, Mª Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo).